

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

*ACORDO do 2 de febreiro de 2023, da Zona Sur, polo que se somete a información pública a solicitude presentada por UFD Distribución Electricidad, S.A. de concesión administrativa no porto de Vilanova de Arousa de ocupación do dominio público portuario soterrado para a construción dunha canalización e regularización da rede existente para o desenvolvemento da actividade de subministración eléctrica (expediente 13-05-22-C2).*

UFD Distribución Electricidad, S.A. solicita a concesión administrativa para a ocupación do dominio público portuario soterrado de Vilanova de Arousa para a construción dunha canalización e regularización da rede existente para o desenvolvemento da actividade de subministración eléctrica.

O que se fai público, para os efectos previstos no artigo 70.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG núm. 236, do 14 de decembro), para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas nas oficinas da Zona Sur de Portos de Galicia, sitas na rúa Víctor Saíd Armesto, 1-1º, 36002 Pontevedra, no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Pontevedra, 2 de febreiro de 2023

Mateo Ruibal Fernández  
Xefe da Zona Sur de Portos de Galicia

